


Autor: **WERNER HOLZWARTH**  
Ilustrador: **WOLF ERLBRUCH**  
Tradución: **FRANCK MEYER**

Libro despregable. Encadernado en cartón.  
24 páxinas. Ilustracións en color. 20,5x29,5 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza". Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-643-3
- Catalán: "La talpeta que volia saber qui li havia fet allò en el cap". Kalandraka. ISBN 978-84-8464-646-4
- Euskera: "Buruko hura nork egin zion jakin nahi zuen satortxoia". Amets egiteko Liburuak. ISBN 978-84-8464-645-7
- Portugués: "A toupeira que queria saber quem lhe fizera aquilo na cabeça". Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-70-5

Prezo: 20 €



## A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA -LIBRO DESPREGABLE-



Pódelle pasar a calquera, pero ese día tocoulle á pobre da toupiña. Saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza a modo de pucho cheirento. Daquela, a toupa percorrerá todo o campo investigando -moi indignada- cal dos animais que alí viven lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre...

Esta obra traducíuse a máis de 20 idiomas e publicouse nuns 25 países. Ademais da súa versión no formato tradicional, esta nova proposta de libro despregable ten o aliciente de que en cada páxina emerxen diversas figuras troqueladas -para un maior realce do libro e da historia que conta- grazas ás 'lingüetas' coas que os personaxes e os seus respectivos excrementos adquiren movemento.

As gargalladas xorden a esgalla a medida que avanza o libro, ata que a toupiña logra recuperar o seu orgullo malferido. Nenos e maiores terán con esta historia a visión dun tema tan natural como a vida mesma e que, sen embargo, non sempre aparece nos libros. Ata os máis exquisitos desbotarán os seus prexuízos para mergullarse de cheo no conto. Este título recibiu numerosos galardóns, entre os que destaca o Premio Alemán de Literatura Xuvenil.

Neste libro despregable a toupiña atopará respostas e tamén **plas-chof-plin!**

...Algunha que outra cousa que sorprenderá.

### PREMIO ALEMÁN DE LITERATURA INFANTIL

#### WERNER HOLZWARTH (Winnenden, 1947)

Iniciou a súa formación no terreo industrial e graduouse en Berlín. A partir de 1973 comezou a traballar en diversas axencias de publicidade, primeiro como escritor, posteriormente como director creativo. Entre 1980 e 1982 traballou como xornalista 'free-lance'. Regresou a Alemaña e continuou co seu oficio no eido publicitario, ata que en 1990 creou a súa propia axencia. Dende 1995 exerce tamén como profesor de Comunicación Visual na Universidade de Weimar.

#### WOLF ERLBRUCH (Wuppertal, 1948)

Estudou deseño gráfico e traballou como debuxante na industria publicitaria. Nos anos 80 comezou a escribir e ilustrar libros infantís. De 1990 a 1997 foi profesor de debuxo gráfico e ilustración na Escola Universitaria de Belas Artes de Düsseldorf. Actualmente é mestre de Arte na Universidade de Wuppertal. Entre os numerosos galardóns que recibiu destacan o Premio Alemán de Literatura Xuvenil, o premio da Feira do Libro de Bolonia, en 2003 o Premio Extraordinario do 'Premio Alemán de Literatura Xuvenil' polo conxunto da súa obra, e en 2006 o Premio Hans Christian Andersen.

- **Temática:** unha toupa na procura do animal que lle fixera 'aquilo' sobre a cabeza
- **Idade recomendada:** primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** libro despregable, con figuras troqueladas que emerxen de cada páxina; humor, xogos tipográficos, ilustracións chamativas
- **Aplicacións:** descrición dos animais, do que comen, do que fan, onde e como viven